



AVISO

AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR ANO 2023

Prazo de presentación

Ata o 30 de novembro de 2023.

Beneficiarios

Aquelas familias cualificadas como numerosas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou organismos análogos doutras comunidades autónomas.

Requisitos

- As unidades de convivencia con residencia habitual neste concello, cun mínimo dun ano de antigüidade ininterrompido á data de presentación da solicitude. A antigüidade esixirase a todas aquelas persoas que figuren no título de familia numerosa.
- Estar en posesión do título de familia numerosa en vigor no momento da solicitude. Todos/as os/as fillos/as incluídos no título de familia numerosa deberán formar parte da unidade de convivencia.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, a persoa beneficiaria da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos fillos/as. En caso de custodia compartida recibírase unha única axuda ao proxenitor que a solicite. No caso de que ambos os proxenitores tramitasen a solicitude por separado resolverase por orde de entrada da solicitude no Rexistro.
- No caso de que un dos proxenitores se atope traballando fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non figure empadroado neste municipio, deberá acreditarlo con copia do correspondente contrato de traballo ou calquera outro documento que acredite a residencia efectiva (contrato de aluguer, etc)
- As unidades de convivencia deberán ter unha renda inferior aos seguintes límites máximos de renda:

Nº MEMBROS	3	4	5	6	7	8	+8
LÍMITE RENTA	21.000,00 €	28.000,00 €	35.000,00€	42.000,00 €	49.000,00 €	56.000,00 €	1.803,73€ adicionales por miembro

O importe abonado en concepto de aluguer ou hipoteca pola residencia habitual deducirase dos ingresos netos da unidade familiar, cando esta sexa a única vivenda titularidade dos membros da unidade de convivencia. O límite máximo de dedución por este concepto ascende a 6.000,00 € anuais.

Contía das axudas

200,00 € mínimo e determinarase conforme ás seguintes regras:

- A achega será idéntica na súa contía para todos os solicitantes.
- O importe da achega determinarase unha vez pechado o prazo de presentación das solicitudes, dividindo o crédito orzamentario dispoñible entre o número de solicitudes con dereito a achega. En todo caso, a achega non poderá exceder de 300,00 euros por solicitante.

Enlace á convocatoria

<https://bop.depourense.es/porta/descargarPdf.do?numBoletin=245&fecha=20231024>

O alcalde, Luís Menor Pérez

